



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA LEVAR A CABO UNHA INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS EN MEDIO ABERTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NA PROVINCIA DA CORUÑA.



Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.F.: G-27381797

Doutra parte, D. Antonio Campanón Sanjurjo con DNI 33321751H, como representante legal da Fundación Camiña Social con NIF G27381797, de acordo co establecido nos seus estatutos elevados a públicos en virtude de escritura outorgada en Lugo o día 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número 1409 de protocolo, emendada a medio de acta autorizada ante o dito notario o 4 de setembro de 2008 baixo o número 2162 de Protocolo, modificados en virtude de escritura pública de formalización de acordos outorgada o 22 de outubro de 2013 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número de protocolo 2561, así como escritura pública de data 22 de decembro de 2016 outorgada perante o mesmo notario co número de protocolo 369, inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Ambas as dúas partes comparecentes recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para o



outorgamento do presente convenio de colaboración, e en consecuencia,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, segundo o artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, a protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

Segundo. Que a Fundación Camiña Social, constituída en virtude de escritura publica outorgada en Lugo o 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número 1409 de protocolo, emendada a medio de acta autorizada baixo o mesmo notario o 4 de setembro de 2008 baixo o número 2162 de protocolo, é unha entidade sen ánimo de lucro que figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-5223.

Dentro do seus obxectivos prevé a protección e a atención da infancia, menores en risco de exclusión ou conflito social, a mocidade en xeral, a terceira idade, así como calquera outro colectivo que sufra algún tipo de discriminación, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social de acordo co previsto na lexislación local, autonómica, estatal o u internacional aplicable así como a prevención e inserción socio laboral no ámbito da delincuencia xuvenil e protección de menores e mozos en xeral, accións que teñen relación directa co obxecto do convenio.

Terceiro. Que ambas as dúas partes na súa actuación teñen en conta os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno aprobada polas Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, o cumprimento da normativa estatal e autonómica sobre reforma de menores, as regras mínimas uniformes das Nacións Unidas para a Administración de Xustiza de Menores (Regras de Beijing), adoptadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 29 de novembro de 1985, a Recomendación (87) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa, do 17 de setembro de 1987, sobre reaccións



sociais ante a delincuencia xuvenil e o Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre “A prevención da delincuencia xuvenil, modos de tratamento da delincuencia xuvenil e o papel da xustiza do menor na Unión Europea do 15 de marzo de 2006.

Cuarto. Que o artigo 45.3 da LORPM faculta ás comunidades autónomas para establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con entidades privadas sen ánimo de lucro para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, sen que elo supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada de dita execución.

O artigo 88 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, atribúe á Xunta de Galicia a potestade de celebrar convenios ou acordos de colaboración coas demais administracións, así como con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que isto supoña cesión de titularidade ou responsabilidade.

Quinto. Que co fin de promover a concorrência pública e garantir os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación a Consellería de Política Social convocou un procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na LORPM na provincia da Coruña (DOG N° 16 do 24 de xaneiro de 2020).


Sexto. Que unha vez resolto o procedemento, a Fundación Camiña Social resultou seleccionada para a colaboración coa entidade pública na execución das medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto na provincia da Coruña

Por todo o exposto, a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes



4

Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.F.: G-27381797



7



CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto e ámbito de aplicación do convenio*

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas non privativas de liberdade, denominadas de medio aberto, impostas polos xulgados de menores en virtude do artigo 7 da LORPM, ou que teñan que realizar tarefas e actividades de reparación extraxudicial previstas no artigo 19 da mentada lei, no ámbito da provincia da Coruña.

A relación de medidas xudiciais a executar pola entidade, de acordo coa normativa que resulta de aplicación, son as seguintes:

- a) Tratamento ambulatorio. Medida destinada aos menores que dispoñen das condicións axeitadas na súa vida para beneficiarse dun programa terapéutico que lles axude a superar procesos aditivos ou disfuncións significativas no seu psiquismo.
- b) Asistencia a centro de día. As persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán ao CIEMA Coruña a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio.
- c) Permanencia fin de semana. Medida pola que a persoa menor se ve obrigada a permanecer no seu fogar dende a tarde ou noite do venres ata a noite do domingo a excepción do tempo en que realice as tarefas socioeducativas asignadas polo/a xuíz/a que deban levarse a cabo fóra do lugar de permanencia, correspondendo á entidade seleccionada a supervisión da permanencia da persoa menor no lugar onde se levará a cabo durante o horario establecido, así como a proposta e supervisión das tarefas socioeducativas de carácter formativo, cultural ou educativo que deberá realizar o menor durante a execución da dita medida.
- d) Liberdade vixiada. Nesta medida a entidade ten que facer un seguimento da actividade da persoa





sometida á mesma e da súa asistencia á escola, o centro de formación profesional ou ao lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudala a superar os factores que determinaron a infracción cometida.

e) Convivencia con persoa, familia ou grupo educativo. É unha medida que intenta proporcionar á persoa menor un ambiente de socialización positivo, mediante a convivencia, durante un período determinado polo/a xuíz/a, cunha persoa, cunha familia distinta da súa ou con grupo educativo que se ofrece a cumprir a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socioafectivas prosociais no/a menor. Corresponderá á entidade seleccionada, a través do/a profesional designado/a para a execución da medida, a supervisión da convivencia do menor na familia ou grupo educativo, informando sobre a evolución da mesma e o grao de cumprimento dos obxectivos fixados no Programa individualizado de execución de medida (en adiante PIEM).

f) Prestacións en beneficio da comunidade. Consiste en realizar unha actividade, durante o número de sesións previamente fixado, ben sexa en beneficio da colectividade no seu conxunto ou de persoas que se atopen nunha situación de precariedade por calquera motivo. Esta actividade de xeito preferente, busca relacionar a natureza da actividade en que consista a medida cos bens xurídicos afectados polos feitos cometidos polo menor. A entidade seleccionada, previa designación do/ a profesional responsable, levará a cabo as entrevistas necesarias co fin de coñecer ás características persoais do/a menor, as súas capacidades, obrigas escolares ou laborais, e a súa contorna social, persoal e familiar, co fin de determinar a actividade máis axeitada e fará o seguimento e supervisión da súa execución.

g) Tarefas socioeducativas. Consiste en que a persoa menor leve a cabo actividades específicas de contido educativo que faciliten a súa reinserción social. Corresponde á entidade seleccionada, a través do/a técnico/a designado/a polo CIEMA, determinar no PIEM as concretas tarefas de carácter formativo, cultural e educativo que debe realizar a persoa menor, o lugar de realización así como o seu horario.

Así mesmo, correspóndelle á Fundación Camiña Social garantir a realización de tarefas e actividades de reparación extraxudicial previstas no artigo 19 da dita lei, no ámbito da provincia da





Coruña.

Segunda. *Beneficiarios*

Persoas menores que teñan que cumprir unha medida xudicial de medio aberto imposta polos xulgados de menores, recollida no obxecto do convenio, ou que teñen que realizar reparacións extraxudiciais ou actividades educativas propostas polos equipos técnicos dos xulgados de menores en virtude do artigo 19 da LORPM na provincia da Coruña.

O termo persoa menor entenderase no marco do disposto na LORPM así como na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, como extensivo á totalidade daquelas persoas ás que lle sexa aplicable algunha medida derivada da LORPM, independentemente de que alcanzaran ou non a maioría de idade no momento da súa execución, de acordo ao uso que ao dito termo se da na antedita lei.

Terceira- *Directrices e normativa*

A Fundación Camiña Social na intervención cos menores terá en conta os principios inspiradores da execución das medidas xudiciais recollidos na LORPM e no Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, así como as directrices e instrucións ditadas dende a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que desenvolvan estes principios, primando fundamentalmente o carácter educativo dos programas, cunha intervención integral que abrangue aspectos educativos, formativos, familiares e sociais que favorezan o desenvolvemento harmónico da súa personalidade e a súa toma de conciencia polos feitos cometidos. Esta intervención se desenvolverá nas fases e de acordo cos obxectivos, áreas, programas e metodoloxías recollidas no Proxecto de Intervención Educativa Integral presentado pola entidade.





Cuarta. *Obrigas*

1. Da Consellería de Política Social:

- a) Remitir á Fundación Camiña Social toda a información relativa ás medidas para a súa execución.
- b) Realizar todas as actuacións administrativas que de acordo coa súa competencia lle correspondan na execución das medidas.

Elaborar circulares e instrucións que establezan un procedemento para a execución e seguimento das medidas de medio aberto así como de soportes documentais que permitan un tratamento informático da información que garantan a unidade de expediente e a súa reserva.

Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula quinta.

- e) Levar a cabo o seguimento e supervisión do traballo levado a cabo pola entidade.

2. Da entidade colaboradora:

2.1. *En relación coa persoa menor ou mozo/a.*

a) Respetar os seus dereitos, tanto os que lle recoñecen as leis nacionais como as internacionais, así coma os dereitos que se deriven da execución da medida xudicial.

b) Acompañar ás persoas menores nas xestións que deban levar a cabo ante as oficinas administrativas para a obtención da súa documentación de carácter persoal ou no seu caso as dirixidas a solicitar aquelas prestacións das que puideran ser beneficiarias.

c) Realizar o acompañamento e asesoramento, garantindo que a intervención educativa que se realice responda a parámetros de calidade.

d) Garantir a alimentación e cubrir os gastos de transporte nos casos en que, pola súa situación



sociofamiliar, proceda.

2.2. En relación coa execución das medidas.

a) Aceptar a aquelas persoas menores que para a súa atención deriven as xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, constituíndo estes últimos órganos o único con capacidade para derivalas. Durante a execución das medidas xudiciais a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social será o interlocutor directo cos xulgados e fiscalías de menores, canalizándose a través desta a documentación e información salvo que os xulgados e fiscalías de menores realicen algún requirimento directo ao CIEMA Coruña.

b) Elaborar e presentar nos prazos recollidos legalmente un programa individualizado de execución de medida para cada persoa menor ou un modelo individualizado de intervención nos supostos de medidas de carácter preventivo.

c) Realizar as actuacións que correspondan de acordo co programa de execución aprobado, para o seguimento e execución definitiva da medida.

d) Elaborar os correspondentes informes de seguimento así como de incidencias, se as houber, ao obxecto de manter informadas á autoridade xudicial e administrativa.

e) Presentar, cando se considere procedente, a proposta de revisión xudicial de medida ou medidas.

f) Asistir ás entrevistas, reunións, actos e dilixencias procesuais aos que se lle convoque.

g) Actuar de xeito coordinado co persoal técnico, entidades ou servizos que participen na execución da medida.

h) Elaborar o informe final de valoración do proceso de execución e da situación a dita data da persoa menor.



i) Informar, en calquera momento e a petición do departamento da Xunta de Galicia competente na área de menores, sobre a evolución da situación das persoas menores ao seu cargo.

j) Seguir as instrucións establecidas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social así como das xefaturas territoriais, en relación coa execución das medidas xudiciais, e subministrar toda a información que lle sexa solicitada. En todo caso será a xefatura territorial da Coruña quen remita e/ou comunique ao xulgado de menores que impuxo a medida toda aquela documentación esixible ao abeiro da LORPM e do seu Regulamento.

k) Comunicar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social así como ás súas xefaturas territoriais calquera incidencia relevante na execución da medida ou o seu incumprimento, así como todas aquelas circunstancias referidas á organización e funcionamento do CIEMA Coruña que puideran supoñer irregularidades no desenvolvemento da actividade conveniada.

l) Entregar á persoa menor, unha vez rematada a medida xudicial, toda a documentación persoal que lle pertenza. Así mesmo deberá ser devolto á Xefatura Territorial da Coruña calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal, obxecto de tratamento, salvo aqueles que, segundo instrucións dos responsable do tratamento, deban ser destruídos, adoptando as medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso por parte de terceiros. Poderá o encargo do tratamento conservar os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento.

2.3. En relación co persoal da entidade adscrito a execución das medidas.

a) Contar cun cadro de profesionais para a intervención educativa con alta cualificación técnica e humana en número suficiente para cubrir as ratios establecidas no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, coa composición e número determinados na memoria achegada pola entidade que se anexa ao presente convenio.

As características do persoal, modalidades de contratación, titulacións, experiencia laboral horario etc. deben respectar o contido da devandita memoria.





Este persoal dependerá exclusivamente da entidade conveniada a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregadora respecto daquel, correspondéndolle á entidade a súa dirección técnico-educativa e organización. A Consellería será de todo allea ás relacións entre o persoal e a entidade colaboradora. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar dereito ningún en relación coa Administración nin esixirlle a esta responsabilidade de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade conveniada e o seu persoal.

En ningún caso a sinatura do convenio suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal que a entidade achegue para levar a cabo unha intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas de medio aberto.

A sinatura do convenio non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do convenio como persoal da Xunta de Galicia.

b) A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Consellería para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do curriculum profesional. O cambio debe ser excepcional e expresamente motivado e respectar o mínimo esixido neste convenio.

c) Garantir a retribución axeitada do seu persoal, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e /ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará.

d) Garantir a calidade técnica (titulación, formación e aptitude profesional) do persoal que leva a cabo a intervención, sendo ao seu cargo a formación e promoción precisa para asegurar a calidade da mesma.

e) O cumprimento respecto do persoal da entidade, da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada





momento.

f) No suposto de que sexa obrigatoria a subrogación do persoal por estar así establecido nos convenios colectivos vixentes, estarase ao disposto nos mesmos.

g) O cumprimento do disposto nas normas vixentes en caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ao persoal con ocasión do exercicio do seu cometido, baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de modo ningún á Administración.

h) Aplicar criterios de mobilidade do persoal para reforzar as distintas áreas ou zonas segundo as necesidades de intervención educativa en cada momento.

i) Informar e formar ao persoal nas obrigas que dimanán da lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

j) Manter a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade e os parámetros de igualdade durante o período de duración do convenio, no caso de que resultase seleccionada para conveniar pola aplicación destes criterios, de acordo co establecido no punto 12 do Anexo I

k) Desenvolver con carácter anual o plan de formación presentado pola entidade. As accións anuais a desenvolver neste plan deben enviarse á Consellería con 3 meses de antelación á súa posta en marcha, para os efectos do seu visto e prace pola Consellería.

2.4 En relación coa intervención educativa.

a) Planificar a intervención educativa na provincia en base ao establecemento de áreas ou zonas de intervención que permitan o desenvolvemento das actuacións na propia contorna familiar e social da persoa menor.


b) Incorporar na súa metodoloxía de traballo a perspectiva de xénero.

c) Levar a cabo a intervención educativa de acordo co proxecto de intervención educativa integral para a execución das medidas xudiciais en medio aberto presentado pola entidade .

d) Preparar e xestionar os medios e recursos necesarios para o óptimo desenvolvemento das actividades e programas.



Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.F.: G-27381797





Para os supostos de desenvolvemento de tarefas e actividades de reparación extraxudicial, a intervención educativa atenderá ás indicacións que sobre este particular indique o Equipo Técnico do Xulgado de Menores correspondente.

2.5 En relación co CIEMA Coruña.

a) Contar cun recurso non residencial situado na cidade da Coruña, denominado Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto de Coruña (CIEMA Coruña) con capacidade mínima para executar simultaneamente 12 medidas xudiciais de asistencia a centro de día, que constitúe punto de atención e referencia para o cumprimento das restantes medidas xudiciais en medio aberto coas características e recursos indicados na memoria presentada pola entidade.

Este centro deberá cumprir os requirimentos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo así como no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

b) Garantir a plena dispoñibilidade do dereito de uso e goce do inmovible durante a vixencia do convenio.

c) Contar coas autorizacións esixibles segundo a normativa vixente, así coma coas medidas de protección e seguridade precisas, as cales serán, en todo caso adecuadas ás condicións estruturais e das instalacións. Estas autorizacións deberán estar expostas durante o desenvolvemento da actividade nun lugar visible ao público.

d) Manter, conservar e coidar o local, asumindo a totalidade dos gastos de equipamento e de mantemento do inmovible (auga, luz, gas, limpeza e demais gastos de funcionamento).

e) Dispor do servizo de mantemento e limpeza preciso para o bo funcionamento.

f) Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio o plan de autoprotección do CIEMA Coruña.





A entidade comprométese a actualizar e/ou elaborar , aqueles plans necesarios así como aquelas xestións para a súa implantación e cumprimento. Para avaliar os plans de autoprotección e asegurar a eficacia dos plans de actuacións en emerxencias realizará simulacros de emerxencia coa periodicidade mínima que fixe o plan , e en todo caso, unha vez ao ano avaliando os seus resultados.

A entidade debe implantar o Plan de Emerxencia e Evacuación dos centros, conforme ao disposto no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba o a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados ás actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

- g) Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio o regulamento de réxime interno, o cal estará exposto no centro nun lugar visible ao público, e contará como mínimo coas normas de funcionamento, dereitos e deberes das persoas usuarias e órganos de representación e participación.
- h) Contar cun libro de rexistro de persoas usuarias e cun expediente individual de cada menor.
- i) Dispor dun libro de reclamacións e dunha caixa de suxestións de acordo co indicado na normativa que resulte de aplicación así como nas instrucións que ao respecto dite a Dirección Xeral competente, de cuxa existencia deberá informarse nun lugar visible ao público.

j) Expor, nun lugar visible ao público, o organigrama do persoal adscrito á execución das medidas.

k) Ter un horario de apertura durante toda a semana de 8:00 a 20:00 horas e contar coa presenza como mínimo dunha persoa educadora no centro. Nas fins de semana contar cando menos cunha persoa do mesmo perfil localizable.

2.6. Outras obrigas

- a) Facilitar o exercicio das facultades de comprobación, dirección e inspección da Administración acerca da actividade conveniada. En consecuencia, en canto teña relación co obxecto do convenio, a





Administración poderá obter da dita entidade a documentación e información que estime oportuna, establecer os sistemas de control de calidade que se deberán empregar e levar a cabo ás inspeccións que estime pertinentes, reservándose, para estes efectos, a facultade de efectuar as visitas que estimen necesarias para comprobar as condicións técnicas de execución da intervención, o cumprimento dos requisitos para desenvolver a actividade, o trato e a asistencia que reciben as persoas beneficiarias, así como o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas contraídas. Poderá solicitar a comparecencia do persoal directivo da entidade e/ou das persoas menores usuarias do servizo. Así mesmo, a Administración está facultada para ditar as instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convenio.

A entidade acatará exacta e inmediatamente as ordes e instrucións que lle dite a Administración para a execución da actividade.

- b) Asumir todos os gastos que se produzan por desprazamento do persoal, tanto para a intervención coas persoas menores como para a busca de recursos que fagan posible a execución do contido das medidas.
- c) Garantir a execución das medidas, establecendo, de acordo coa lexislación vixente en materia laboral, as quendas e substitucións precisas en caso de ausencia do persoal titular.
- d) Xustificar as pólizas de seguros e o pagamento da prima cada vez que corresponda renovar a dita póliza.
- e) Indemnizar os danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira a actividade, excepto cando o dano fóra producido por causas imputables á Administración.
- f) Cumprir a normativa vixente e cantas disposicións sobre protección e reeducación de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.
- g) Desenvolver e executar todas aquelas instrucións, circulares, protocolos, etc., emitidas en relación coa actividade obxecto de convenio, polo órgano directivo con competencias en materia de menores para unha mellor organización e seguimento da actividade desenvolvida.
- h) Remitir mensualmente á xefatura territorial da Coruña a folla de ocupación debidamente cuberta segundo o modelo establecido na Circular que regule o procedemento de actuacións para a





execución de medidas xudiciais en medio aberto impostas polos xulgados de menores e os programas educativos que as desenvolven.

i) Elaborar unha memoria anual e os informes de seguimento da actividade desenvolvida que se lle indiquen por parte do persoal técnico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

A memoria anual será elaborada de acordo coas instrucións que ao respecto dite a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica na Circular de Medio Aberto e presentada a ese órgano durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponde, e conterá a descrición e análise cuantitativo e cualitativo de todas as actuacións desenvolvidas durante ese ano.

j) Contar coa autorización da consellería para dar publicidade en calquera soporte das intervencións realizadas ao abeiro do convenio (publicacións, estatísticas, memorias, etc).

k) Contar coa autorización da consellería para a organización de eventos (seminarios, congresos, xornadas, etc) así como a presentación de relatorios, comunicacións e outros nos que se traten temas directamente relacionados coa actividade obxecto do convenio.

l) Colaborar coa administración na investigación, estudo e desenvolvemento de programas relacionados coa delincuencia xuvenil en Galicia.

m) Incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia.

Quinta. *Compromisos económicos e forma de pagamento e xustificación.*

A Fundación Camiña Social percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento do convenio de 1.070.418,00 euros , que en ningún caso supón un beneficio económico para a entidade conveniada.

A dita compensación será satisfeita por meses vencidos, logo da xustificación dos gastos mediante a factura correspondente.





Para o aboamento da compensación a entidade colaboradora presentará á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que levou a cabo a actividade conveniada, os seguintes documentos:

a) A factura correspondente conforme ao establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas presentaranse a través do punto xeral de entrada do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia. O acceso ao dito Punto Xeral de Entrada é a través da seguinte -URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura>.

b) Certificado da entidade onde conste o persoal que leva a cabo a actividade ordenado por grupo profesional e posto de traballo, especificando o nome e apelidos, número de afiliación á Seguridade Social, tipo de contrato e dedicación horaria. Na dita relación deben constar as datas de alta e baixa do persoal producidas no dito mes.

c) Copia dos TC1 e TC2 da Seguridade Social.

d) Folla de atención mensual, asinada pola persoa responsable do CIEMA Coruña, onde constarán todas as persoas menores que estiveron executando unha medida no período facturado, especificando: nome e apelidos, data de nacemento, expediente xudicial, data de ingreso, data de fin de medida e movemento (permanencia, alta ou baixa).

Sexta.-Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a lei orgánica 5/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,





e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, tratamentos ou accesos non autorizados.

A consellería de Política Social como responsable do tratamento e a Fundación Camiña Social como encargada do tratamento, comprométese a gardar a máis absoluta confidencialidade respecto a calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento sen que poida utilizarse para usos diferentes aos previstos no mesmo.

O tratamento de datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, conforme á normativa recollida na ficha de procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Fundación Camiña Social, que levará cabo a execución das medidas non privativas de liberdade na provincia da Coruña, como encargada do tratamento, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto.

As partes se comprometen así mesmo a non efectuar nin usos nin cesións non autorizados de datos persoais recollidos en aplicación do presente convenio. A fundación Camiña Social comprométese a non facilitar nin divulgar datos subministrados sen o previo consentimento do/a titular/es dos datos.

Os empregados da entidade seleccionada deberán asinar coa Fundación Camiña Social un pacto de confidencialidade. Esta entidade, na súa condición de encargada do tratamento, garantirá a implantación das medidas de seguridade correspondentes ao tipo de datos tratados, de acordo co



establecido no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei orgánica 15/1999.

No caso de que a dita entidade, na súa condición de encargada do tratamento destine os datos a outra finalidade distinta da derivada da natureza do convenio, os comunique ou utilice, será considerado tamén responsable do tratamento, e responderá das infraccións en que incorra persoalmente. Non obstante, non incorrerá en responsabilidade cando, despois de indicación expresa do responsable do tratamento, comunique os datos a un terceiro designado por aquel, que terá a consideración de encargado do tratamento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Sétima. *Comisión mixta de seguimento*

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia constituirase unha Comisión Mixta para o seguimento do presente convenio á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento e que non foran recollidas nel ademais de, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por :

O representante legal da entidade ou persoa que a supla.

A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica ou persoa que a supla.





Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións.



oitava. *Vixencia e posibles prórrogas*

O convenio que se subscriba ao abeiro do presente procedemento producirá efectos dende o 1 de outubro de 2020 ata o 30 de setembro de 2022, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos, non superior cada un deles a un ano, ata un máximo de 2 anos, de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.E.: G-2778179

No caso de que non se prorrogue o convenio por causas imputables á entidade conveniada, esta debe continuar coa actividade que viña desenvolvendo en tanto a administración non formalice un novo convenio con outra entidade.



Novena. *Modificación do convenio*

Cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes asinantes, logo dos trámites legais esixidos.

Décima. *Causas de extinción*

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Expiración do prazo de vixencia.
2. Mutuo acordo das partes outorgantes.





3. O incumprimento dos compromisos e cláusulas do convenio.

4. Imposibilidade sobrevida do obxecto do convenio.

Décimo primeira. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo e rexerá polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as lagoas ou dúbidas que puideren presentarse.

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución de cantas cuestións litixiosas xurdan sobre a interpretación, modificación ou efectos do convenio, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e cabe contra eles recurso contencioso-administrativo segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Porén, contra os actos da administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, do 1 de outubro.

Décimo segunda. *Publicidade do convenio*

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.


En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data expresados.

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez

O responsable da fundación Camiña Social



Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.F.: G-27381797

Antonio Campanón Sanjurjo